

F) Vehículos

Ciclomotores	5,90€
Motocicletas ata 125 c.c	5,90€
Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.	10,10€
Motocicletas de 250 c.c ata 500 c.c	20,23€
Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000c.c	40,44€
Motocicletas de máis de 1.000 c.c	80,87€”

**– ORDENANZA FISCAL DA TEXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL
CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REBO, VALOS, PUNTAIS ASNILLAS,
ESTADAS E OUTRAS INSTALCIÓNS ANÁLOGAS.**

ARTIGO 1º.–FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.20 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co desposto nos artigos 15 a 19 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ponteareas establece a taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercaderías, materiais de construción, rebo, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas, a que se refire o artigo 20.3g) do citado R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ó desposto no artigo 57 do citado R.D. Lexislativo.

ARTIGO 2º.–FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a realización da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con:

- Valos, guindastres, elevadores, estada e outras instalacións semellantes.
- Puntais, asnillas e toda clase de apeo dos edificios.
- Ocupación con mercaderías, materiais de construción, rebo ou outros elementos similares. Cortes de rúas para ubicación de calquera dos elementos anteriores.

ARTIGO 3º.–BENEFICIOS FISCAIS

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos nas normas con rango de Lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4º.–SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que resulten beneficiadas pola utilización ou aproveitamento especial do dominio público local, ben a través da oportuna licenza solicitada polo contribuínte ou ben de oficio se constata o feito imponible desta taxa a traves dos informes da inspección de tributos ou da policía local.

ARTIGO 5º.–RESPONSABLES

1.Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.Serán responsables subsidiarios o administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de rebas, concursos sociedades en entidade en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 6º.—BASE IMPOÑIBEL

Tomarase como base para a determinación da cota tributaria, o tempo de duración dos aproveitamentos e a magnitude deste, expresada en metros lineais ou cadrados, segundo sexa a natureza da ocupación.

ARTIGO 7º.—COTA TRIBUTARIA

7.1.—Valos, estadas, guindantres, elevadores, xilos e outras instalacións análogas colocadas no dominio público local, por m2 ou fracción, cada quince días ou fracción 1,40 €

7.2.—Puntais, asnilla e outros elementos de apeo dos edificios, por unanidade cada quince días ou fracción 0,99 €.

7.3.—Ocupación con mercaderías, materiais de construción, rebo ou outros elementos similares, mesmo cando se depositen en vagóns, colectores ou análogos, m2 ou fracción, cada quince días ou fracción 1,40 €

7.4.—As instalacións recollidas nos puntos anteriores que estén instaladas por período superior a 6 meses, a partir do 1º día posterior a tal prazo, por m2 ou fracción non ao mes terán un incremento do 10%

7.5.—Con carácter mínimo, e sempre que por aplicación das tarifas anteriores non se alcance dito importe, esixiranse 15,40 €

ARTIGO 8º.—DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie o aproveitamento ou dese o outorgamento da licenza.

ARTIGO 9º.—LIQUIDACIÓN E INGRESO

O interesado deberá autoliquidar o importe da taxa, segundo as tarifas establecidas no artigo 7 da presente ordenanza. Dita autoliquidación non causará dereito ningún e non faculta para realizar a ocupación solicitada, que tan só poderán ser realizadas cando se obtén a preceptiva autorización. Non se tramitará o expediente nin se permitirá a realización das obras definitivas do feito imponible ata que se teña efectuado o pagamento da autoliquidación.

ARTIGO 10º.—NORMAS DE XESTIÓN

1.—As cotas sinaladas son irreducibles e a obriga de pagamento da taxa nace no momento de outorgarse a correspondente licenza ou no da iniciación da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

2.—A licenza para a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, solicitarase por medio de instancia dirixida a alcaldía, achegando os documentos necesarios para valorar a solicitude unha vez tramitado o expediente dictarase resolución da alcaldía, comprobándose a autoliquidación practicada.

3.—Cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza se produciran desperfectos no pavimento ou instalacións da vía pública, os beneficiarios estarán suxeitos ao reintegro total dos gastos de reconstrución e reparación de tales desperfectos ou reparar os danos causados, que serán, en todo caso, independentes das autoliquidacións ou liquidacións que se practiquen polos aproveitamentos realizados.

4.—A ocupación da vía pública con guinastres ou aparatos elevadores, sempre que a súa base estea ocupando o dominio público local estará suxeita as tarifas establecidas nesta ordenanza.

5.—Rematado o prazo solicitado, as solicitudes de prorroga tramitaranse como unha nova autorización ou licenza, debendo achegar xuntamente coa solicitude, fotocopia da autoliquidación anterior practicada.

ARTIGO 11.—INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó desposto nos artigos 138e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICION ADICIONAL

As tarifas anteriores serán incrementadas anualmente no IPC.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no “Boletín Oficial” da provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas

**— ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN
DE AUGA , GAS ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS
OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES
E INSTALACIÓN ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN
PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.**

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 20 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co desposto nos artigos 15 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

—Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

—Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refieren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinan o artigo 40 da Lei xeral tributaria.